


# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

IES EDUARDO BLANCO AMOR  
CULLEREDO

ELABORACIÓN: CURSO 23-24



## ÍNDICE

<b>XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO .....</b>	<b>3</b>
Características do entorno.....	3
Datos do centro.....	3
Departamento de Orientación.....	4
<b>MARCO LEXISLATIVO .....</b>	<b>6</b>
<b>IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES.....</b>	<b>6</b>
<b>DETERMINACIÓN DE OBXECTIVOS.....</b>	<b>8</b>
<b>DESCRIPCIÓN DE ACTUACIÓN, MEDIDAS E /OU PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....</b>	<b>8</b>
<b>DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</b>	<b>12</b>
Reforzo educativo e apoio polo profesorado con dispoñibilidade horaria .....	12
Apoio polo profesorado especialista Pedagogía Terapéutica .....	12
<b>CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN DAS MEDIDAS DISEÑADAS PARA O CENTRO .....</b>	<b>13</b>
<b>MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS. ....</b>	<b>13</b>
Coordinación interna.....	14
Coordinación con outros centros docentes .....	14
<b>MECANISMOS DE COLABORACIÓN CON PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS DO ALUMNADO, ASÍ COMO COS SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO. ....</b>	<b>14</b>
<b>PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS. ....</b>	<b>16</b>
<b>SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....</b>	<b>16</b>
<b>ANEXOS .....</b>	<b>18</b>



## XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

### Características do contorno.

O IES Eduardo Blanco Amor sitúase en Culleredo, municipio de aproximadamente 30.000 habitantes situado dentro da área metropolitana da Coruña. O concello está formado polo núcleo urbano do Burgo e entidades rurais dispersas que fan necesario o uso do transporte escolar e o servizo de comedor.

Culleredo experimentou un crecemento moi rápido a partir da década dos 90. Fortemente influído pola súa proximidade á capital provincial, a maioría das súas entidades de poboación están habitadas por xente nova que desenvolve a súa actividade nos polígonos industriais ou na urbe. Así mesmo, nestes últimos anos afíncase no concello poboación de inmigrantes de distinta procedencia (América Latina; MAGREB; Europa do Leste, Ucraína, etc.), o que fai que no noso instituto se escolaricen estudantes de diversas nacionalidades.

No que se refire ós recursos educativos da zona cabe sinalar a existencia de catro CEIP e un CPR, tres dos cales están adscritos ao IES Eduardo Blanco Amor, un CIFP e dous Institutos de Educación Secundaria, sendo un deles o obxecto deste Plan Xeral de Atención á Diversidade.

O Concello conta cos seguintes servizos de carácter socioeducativo: Conservatorio de Música, edificio de Servizos Múltiples, diversos polideportivos dentro da área de deporte, CIM dende o cal se impulsan diversas actuacións algunhas delas teñen como destinatarios o alumnado do noso centro ou Oficina Municipal de Voluntariado. Así mesmo, no concello teñen a sede de diversas asociacións que desenvolven o seu labor no eido educativo (ANHIDA Coruña, Presencia Gitana, etc.).

### Datos do centro.

O IES Eduardo Blanco Amor escolariza a máis de 750 estudantes. O centro oferta as etapas de Educación Secundaria Obrigatoria e Post-Obrigatoria (Bacharelato). O claustro de profesorado está formado aproximadamente por 70 membros.

- **ESO:** 5 liñas en 1º, 5 liñas en 2º, 5 liñas + PDC en 3º e 5+ PDC en 4º de ESO.
- **Bacharelato:** 5 unidades en 1ºBAC e 4 en 2º de BAC

As modalidades de Bacharelato impartidas no son as seguintes:

- a) Ciencias e Tecnoloxía
- b) Ciencias Sociais e Humanidades

O IES conta con tres CEIP adscritos (CEIP Ría do Burgo, CEIP de Tarrío e CPR Ponte da Pasaxe), polo que se manterá contacto periódico coas xefas do DO dos ditos centros e unha reunión trimestral co fin de garantir unha coordinación e transición positiva entre ambas etapas educativas.

### **Departamento de Orientación.**

Os *Departamentos de Orientación* veñen regulados na nosa comunidade autónoma polo *Decreto 120/1998*, concibíndose os mesmos como un servizo de orientación interno ao centro, desde o cal se pretende que a orientación forme parte esencial da comunidade educativa; entendéndose como un dereito de carácter xeneralizado, continuo, preventivo, integrado, desde o respecto ás características distintivas de cada comunidade educativa. Deste xeito, resulta fundamental que os profesionais da orientación colaboren co profesorado e coas familias para lograr o maior desenvolvemento persoal, académico e profesional do alumnado.

Co fin último de conseguir este desenvolvemento integral do alumnado o Departamento de Orientación do centro conta cos seguintes profesionais este curso educativo 23-24:

- Xefa do Departamento de Orientación: Ana Mª Rivera Rozada (destino definitivo).
- Orientador: José Rodríguez Martínez (destino provisional).
- Orientadora (Directora con 9 horas designadas a Orientación): María Carmen Rodríguez-Trelles Astruga (destino definitivo).



- Profesora do ámbito científico-tecnolóxico da ESO: María Teresa Liz García (destino definitivo).
- Profesora-titora do ámbito socio-lingüístico da ESO: Susana Blanco Gallego (destino definitivo).
- Unha mestra especialista en Pedagogía Terapéutica: María Carmen Otero Sánchez (destino definitivo).
- Unha mestra especialista en Pedagogía Terapéutica con horario compartido co CEIP Ría do Burgo: Nerea García Bugallo (destino provisional).

Durante estes últimos dous cursos contamos coa intervención da UACO en casos de especial gravidade, recurso co que pretendemos seguir colaborando polo éxito acadado nalgún dos casos.

Na dotación material do departamento cómpre destacar os seguintes recursos:

- Despacho de xefatura de departamento e de orientación.
- Unha aula de apoio para uso das especialista de PT e o alumnado que recibe esta medida de atención á diversidade.
- Recursos psicopedagóxicos: tests psicométricos, programas específicos, bibliografía especializada...
- Recursos tecnolóxicos: ordenador e impresora nas aulas de PT. O despacho da xefatura do departamento e do orientador utiliza a impresora do departamento de administración.
- Extensión telefónica e conexión a Internet.

En relación aos horarios dos membros do departamento, no presente curso garántese a presenza dunha persoa orientadora durante toda a xornada lectiva para poder atender, de ser o caso, a calquera membro da comunidade educativa que o puidera precisar. Continúa operativa a conta de correo electrónico [citaorientacion@iesblancoamor.com](mailto:citaorientacion@iesblancoamor.com), creada hai tres cursos como consecuencia da situación provocada pola pandemia; este enderezo electrónico ten por finalidade que alumnado e familias poidan pedir cita ou comunicarse de xeito fluído cos



membros do departamento e poder así ser atendidos de xeito organizado, evitando aglomeracións ou esperas nos corredores e diante do despacho.

## MARCO LEGISLATIVO

A **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación**, establece a atención á diversidade como un principio fundamental que debe rexer todo o ensino básico, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada as súas características e necesidades. Na mesma liña, a **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a LOE**, contempla que as administracións educativas poden establecer compromisos cos centros, no uso da súa autonomía, para desenvolver proxectos dirixidos a atención á diversidade do alumnado.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, teremos en conta o **Decreto 229/2011** e a **Orde do 8 de setembro do 2021** que regulan a atención á diversidade, na que se establece que un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade será aquel que garante a atención de cada alumno e alumna segundo a súa realización persoal e social, o que implica que as medidas organizativas, curriculares e a dotación de recursos se adapten ás circunstancias e peculiaridades do alumnado.

## IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

A escolarización de alumnado de diferentes etapas educativas no centro fai que xurdan necesidades. A identificación e valoración das necesidades no que se refire á atención á diversidade levarase a cabo por medio de:

- **Observación** directa e sistemática.
- **Entrevistas** cos membros do equipo docente.
- **Análise da documentación** do centro: do Proxecto Educativo, Programación Xeral Anual e demais documentos. O DO informará ao equipo docente da



- información relevante sobre o alumnado para poder levar a cabo a súa función docente.
- **Avaliación inicial**, levada a cabo nas primeiras semanas do curso e dirixida a adecuar a resposta educativa ás características e peculiaridades do alumnado. A responsabilidade da dita avaliación é do profesorado titor xunto co resto do equipo docente e as achegas do departamento de orientación.
  - **Avaliacións trimestrais**: analizaranse as medidas de atención á diversidade aplicadas para posibles axustes posteriores.
  - **Avaliación psicopedagóxica**. É un proceso de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto sociofamiliar e da totalidade dos elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe. Ten como finalidade tomar as decisións relativas a resposta educativa no referente a apoios necesarios, medidas de atención á diversidade, así como sobre a orientación académico-profesional. A responsabilidade recae na xefatura do DO, podendo contar, se é o caso, coa colaboración do EOE e deixando constancia por escrito, de que os pais/nais ou tutores legais foron informados do proceso.
  - **Coordinación con centros adscritos**. A lexislación vixente recolle que o DO establecerá mecanismos de coordinación entre centros, especialmente entre adscritos. Ao comezo do curso e ao finalizalo, o DO realizará unha análise do alumnado NEAE, así como unha previsión das medidas de apoio para o curso seguinte. A forma de traslado da información levarase a cabo de acordo co disposto no Protocolo de protección de datos persoais.

Dito Plan abarcará á totalidade do alumnado do centro, con especial énfase no alumnado NEE e NEAE. Cada curso académico, realizarase unha **concreción e unha memoria anual** do mesmo, contemplando as necesidades específicas de apoio educativo existentes no centro para ese curso.



## DETERMINACIÓN DE OBXECTIVOS

Unha vez que identificamos o punto de partida, pasamos a determinar as metas. Os obxectivos dan resposta a unhas necesidades.

O obxectivo xeral desta planificación é o de **contribuír ao desenvolvemento integral de todo o alumnado**, dando resposta á diversidade do alumnado do IES Eduardo Blanco Amor. Máis especificamente, para conseguilo preténdese:

- Reflectir as medidas de atención á diversidade nun documento actualizado á lexislación vixente.
- Asegurar a coherencia, progresión e continuidade da intervención educativa.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado.
- Articular e adecuar á realidade do centro os plans, actuacións e protocolos destinados á atención á diversidade.
- Concienciar ó profesorado sobre a importancia de ter formación actualizada no relativo á atención do alumnado con NEAE.
- Asegurar unha atención especializada para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Establecer canles de colaboración e coordinación coas familias e servizos externos ao centro.

## DESCRIPCIÓN DE ACTUACIÓNS, MEDIDAS E /OU PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste punto farase referencia a todos aqueles alumnos e alumnas que por diferentes razóns amosan dificultades ao longo do seu proceso de ensino-aprendizaxe. O Departamento de Orientación, coa colaboración do profesorado e familias terá como obxectivo básico procurar unha resposta educativa





personalizada que promova, na maior medida posible, que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo acaden os obxectivos e competencias de cada unha das etapas. Para isto, levarase a cabo as avaliacións psicopedagógicas pertinentes cos seus correspondentes informes psicopedagógicos, co fin de determinar as necesidades educativas de cada alumno/a e deste xeito aplicar as medidas de atención a diversidade que procedan en cada caso.

A **Orde o 8 de setembro de 2021**, pola que se regula a atención a diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 6 define ao alumnado neae:

*“aquele alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.”*

e no seu artigo 7 ao alumnado nee:

*“alumnado que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, por un período de escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.”*

Son **medidas de atención á diversidade**, as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Estas medidas clasifícanse en **ordinarias**, aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescrito sen alteración significativa en obxectivos, contidos e criterios de avaliación, polo que non requiren autorización de inspección educativa, nin conformidade expresa da familia, aínda que si comunicación; cando estas medidas non respondan ás necesidades do alumnado aplicaranse as medidas **extraordinarias**, que están dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado neae, que poden requirir modificacións significativas no currículo ordinario e/ou cambios organizativos esenciais nos elementos de acceso ou na modalidade de escolarización; requiren autorización de inspección educativa.




O apoio das mestras especialistas de Pedagogía Terapéutica configúrase como un apoio combinado entre a aula ordinaria e a aula de apoio, priorizando a atención máis normalizada sempre que sexa posible.

Tamén se levan a cabo outras medidas como a Exención da 2ª lingua estranxeira en 1º e 2º da ESO, oferta de materias optativas e desdoblamento de grupos.

Tamén destacar a Formación Profesional Básica, que forma parte da FP e que vai dirixida ao alumnado que está en risco de non alcanzar o título de graduado en ESO.

Ademais, tomaranse como referencia os protocolos publicados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, adecuados á realidade do noso centro:





## DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade, segundo o modelo de educación inclusiva, debe ser levada a cabo, preferentemente, na aula ordinaria. Excepcionalmente, cando as circunstancias así o aconsellen, levarase a cabo fóra da aula.

### **Reforzo educativo e apoio polo profesorado con dispoñibilidade horaria**

O reforzo educativo, entendido como unha *medida ordinaria de atención á diversidade*, aféctalle á secuencia de contidos, a organización e xestión da aula, ás formas e instrumentos de avaliación e aos agrupamentos do alumnado, e todo o referido á metodoloxía. Esta medida diríxese ao alumnado que coas modificacións anteriores, poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

Este reforzo será levado a cabo polo profesorado de cada materia ou ámbito, dentro da aula ordinaria.

O equipo docente que conte con dispoñibilidade horaria, prestará apoios á totalidade da aula ordinaria.

### **Apoio polo profesorado especialista Pedagogía Terapéutica**

É unha *medida de atención á diversidade extraordinaria*, dirixida á atención educativa do alumnado nee e excepcionalmente neae.

Os apoios realizaranse preferentemente na aula ordinaria, fóra da aula deberá constar explicitamente no informe psicopedagóxico e non poderá ser superior á terceira parte dos períodos lectivos semanais nin supoñer a totalidade do horario lectivo semanal dunha materia.



## CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN DAS MEDIDAS DISEÑADAS PARA O CENTRO

Segundo o artigo 4 da Orde de 8 de setembro de 2021, as actuacións con respecto ás medidas de atención á diversidade do centro, son as seguintes:

1. Por parte dos equipos directivos:
  - a. Considerar a atención á diversidade en toda a estrutura organizativa e curricular do centro.
  - b. Distribución e organización equitativa de recursos.
  - c. Información á comunidade educativa sobre os proxectos, plans e medidas.
  - d. Promoción da convivencia, e a formación e innovación do profesorado respecto á atención á diversidade.
  
2. Por parte do profesorado titor/equipo docente:
  - a. Organización da avaliación inicial do alumnado.
  - b. Coordinación dos procesos de ensino/aprendizaxe.
  - c. Intercambio de información periódica coas familias.
  - d. Emprego de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión e a solidariedade.
  
3. Por parte do Departamento de orientación:
  - a. Asesoramento á comunidade educativa sobre medidas de atención á diversidade.
  - b. Atención das demandas de intervención.
  - c. Información ás persoas afectadas dos resultados das intervencións.
  - d. Promoción da participación das familias no proceso de avaliación psicopedagóxica.
  - e. Coordinación cos profesionais que atenden ao alumnado.

## MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.

A **Orde do 8 de setembro de 2021**, de atención á diversidade, recolle a coordinación entre etapas, ensinanzas e centros docentes.

### Coordinación interna

- Reunións do DO.
- Reunións coas persoas titoras.
- Reunións da CCP.
- Sesións de avaliacións iniciais, trimestrais e finais.

### Coordinación con outros centros docentes

A lexislación vixente contempla o proceso de coordinación entre centros como un mecanismo de inclusión do alumnado, polo seu valor no coñecemento e no axuste inicial á realidade de cada alumno/a.

Polo tanto, establécese unha comunicación periódica ao longo de todo o curso, intensificándoa no terceiro trimestre, para intercambiar información que promova unha continuidade harmónica para o alumnado de nova incorporación. A dita coordinación levarase a cabo a través de:

- Contacto telefónico / reunións entre os DO.
- Programación de visitas da orientadora ao alumnado de EP.
- Xornadas de portas abertas no terceiro trimestre.

## MECANISMOS DE COLABORACIÓN CON PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS DO ALUMNADO, ASÍ COMO COS SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

Tal e como se contempla no **Decreto 8/2015** que desenvolve a **Lei 4/2011**, de convivencia e participación da comunidade educativa, **os pais, nais ou titores legais** terán os seguintes dereitos no relativo á educación dos seus fillos/as:

- a) A recibir unha educación conforme aos fins da Constitución Española.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe dos seus fillos/as.
- c) A ser oídos naquelas decisións que lle afecten á orientación académica-profesional.



- d) A participar no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as.

Do mesmo modo, a eles correspóndelles:

- a) Adoptar as medidas necesarias ou solicitar axuda no caso de necesitala.
- b) Proporcionar, na medida do posible, recursos necesarios para o progreso escolar.
- c) Participar de maneira activa nas actividades que se formulan no centro.
- d) Fomentar o respecto con todos os membros da comunidade educativa.

Para garantir o pleno desenvolvemento integral do alumnado, a colaboración da familia ao longo do curso debe ser continua, a través do profesorado tutor. Ao rematar 4º de ESO ou o período de escolarización, a familia recibirá un Consello Orientador, elaborado polo tutor co asesoramento do DO no que se recollerán as principais propostas académicas, formativas e profesionais tras rematar o curso.

Ademais, as familias participarán como colectivo no centro educativo a través da ANPA e se é o caso, o Consello Escolar.

A información aos pais remitirase de maneira periódica, sobre o desenvolvemento educativo do alumnado, NEAE e medidas de atención á diversidade propostas.

Nos supostos de patria potestade compartida, ambos terán dereito a recibir información, excepto se se achega unha resolución xudicial que diga o contrario.

No caso de separación ou divorcio, os titores legais deberán proporcionar a copia da sentenza xudicial que acredite as circunstancias.

Se a garda e custodia é de un dos proxenitores, poderá recibir a información do proceso educativo, sempre que o solicite por escrito á dirección do centro, debendo renovarse en cada curso académico.



En canto aos **Servicios Externos** ao centro, e estableceranse as coordinacións necesarias para manter comunicación co *Equipo de Orientación Específico*, cando así se requira; cos profesionais de *psicología* ou *pedagogía* que atendan ao alumnado NEAE; especialistas de *Saúde Mental* así como reunións con *Servizos Sociais* e *Concello*, ou *demais asociacións*.

## PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Para a aplicación das medidas de atención á diversidade extraordinarias, irán precedidas dunha avaliación psicopedagóxica elaborada pola xefatura do Departamento de Orientación, coa colaboración, se é o caso, do Equipo de Orientación Específico. As seguintes medidas requirirán **conformidade expresa das familias**:

- Agrupamentos flexibles.
- Programas de diversificación curricular.
- Flexibilización da duración do período de escolarización por NEE ou altas capacidades intelectuais.

No resto das medidas, aínda que non se require autorización expresa da familia, resulta conveniente recoller por escrito que foron informadas previamente destas, así como a súa opinión.

A autorización recaerá no organismo da administración educativa competente.

Nos *anexos*, recolleranse os modelos dos documentos de solicitude das medidas.

## SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

A *aprobación* do PXAD recae no consello escolar do centro, previa proposta ao claustro do profesorado. Unha vez aprobado, pasará a formar parte do PE.





Cada curso académico, o DO elaborará unha proposta de concreción anual, entregada á dirección do centro docente para a súa incorporación á PXA.

O *seguimento* e *avaliación* realizarase sobre a concreción e memoria anual. Soamente se modificará, no caso de que as propostas de mellora así o consideren.

A finais de curso, o DO, elaborará unha memoria final cos criterios de avaliación

expostos. A dita memoria incorporarase á memoria do Departamento de Orientación ,

e á memoria anual do centro.

A *supervisión* dos procesos de elaboración, desenvolvemento e avaliación do PXAD e da súa concreción anual correspóndelles aos servizos territoriais de Inspección

Educativa.

## ANEXOS

### **DOCUMENTOS DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

DEMANDA DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
INFORMACIÓN SOBRE CONVENIENCIA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA  
INFORME DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
INFORME PSICOPEDAGÓXICO  
INTERCAMBIO CON SERVIZOS EXTERNOS  
RECEPCIÓN DE INFORME POLAS FAMILIAS  
SOLICITUDE INFORME ESCOLAR PARA FAMILIAS  
SOLICITUDE INFORMACIÓN AO PROFESORADO  
TRASLADO EXPEDIENTE A OUTROS CENTROS

### **EOE SOLICITUD**

#### **DOCUMENTACIÓN PT**

INFORME TRIMESTRAL PT  
MODELO DE INFORME FINAL INDIVIDUALIZADO  
PLAN INTERVENCIÓN INDIVIDUALIZADO

#### **DOCUMENTO DERIVACIÓN A SAÚDE MENTAL**

#### **SOLICITUDE UACO**

#### **ADAPTACIÓNS CURRICULARES**

ACREDITACIÓN OPINIÓN FAMILIA  
ACTA REUNIÓN DECISIÓN ADAPTACIÓN CURRICULAR  
EXPEDIENTE ADAPTACIÓN CURRICULAR  
VALORACIÓN TRIMESTRAL ADAPTACIÓN CURRICULAR

#### **EXENCIÓN 2ª LINGUA ESTRANXEIRA**

#### **FLEXIBILIZACIÓN**

FLEXIBILIZACIÓN AMPLIACIÓN  
FLEXIBILIZACIÓN REDUCIÓN

#### **INFORMES ALUMNADO QUE PERMANECE 1 ANO MÁIS NO CURSO E MATERIAS PENDENTES**

PLAN DE REFORZO ALUMNADO QUE PROMOCIONA CON MATERIAS SUSPENSAS  
PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA O ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO



**PROGRAMA DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR**  
INFORMACIÓN Á FAMILIA SOBRE INCORPORACIÓN  
INFORME DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
INFORME TITOR

**FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA**  
CONSELLO ORIENTADOR  
COMUNICACIÓN INCORPORACIÓN  
AUTORIZACIÓN FAMILIAS

**REFORZO EDUCATIVO**  
APOIO PT FÓRA DO AULA  
INFORME FINAL DE REFORZO INDIVIDUALIZADO PROFESORADO



# DEMANDA AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

## DATOS DO/A SOLICITANTE

---



PROFE:



DATA DA DEMANDA:



MOTIVO FUNDAMENTAL DA DEMANDA:

# DATOS DO/A ALUMNO/A

---

■ NOME E APELIDOS:

■ CURSO :

■ DATOS DE INTERESE (DATOS PSICOSOCIAIS,  
DE SAÚDE, INTERACCIÓN NA AULA,  
PROCESOS ENSINO-APRENDIZAXE...)

■ DIFICULTADES (EN QUE ÁREAS PRESENTA  
DIFICULTADES) E  
POTENCIALIDADES/FORTALEZAS(GUSTOS,  
INTERESES):

## MOTIVO DA DEMANDA:

---

- DIFICULTADES DE APRENDIZAXE (INDICA EN QUE ÁREA):
- PROBLEMAS CONDUCTUAIS NA AULA
- PROBLEMAS DE RELACIÓN COS SEUS COMPAÑEIROS/AS
- PROBLEMAS PERSOAIS DO ALUMNO/A
- POSIBLE INICIO DE PROTOCOLO (INDICA CAL):
- POSIBLE NECESIDADE DE PROVISIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- POSIBLE SITUACIÓN DE RISCO SOCIAL
- ORIENTACIÓN PROFESIONAL E ACADÉMICA
- 

ACCIÓNS DESENVOLVIDAS PARA CORRIXIR O PROBLEMA

■ QUE SE AGARDA DO DEPARTAMENTO DE  
ORIENTACIÓN?



\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ do 202\_\_

**Fdo.:**

Alumno/a

\_\_\_\_\_

Data de nacemento \_\_\_\_\_ Curso \_\_\_\_\_

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con

DNI \_\_\_\_\_ pai/nai ou titor/a legal do/a alumno/a, fun informado/a da conveniencia da realización dunha **avaliación psicopedagóxica**, que será levada a cabo polo Departamento de Orientación do IES Eduardo Blanco Amor (Culleredo) co fin de avaliar as necesidades educativas que poida presentar o meu fillo/a ou tirorando legal e que permitan a posterior adopción das medidas de atención educativa oportunas, segundo o indicado na *Orde do 8 de setembro de 2021 (DOG nº 206 do 26 de outubro de 2021)*.

Culleredo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Asdo.: O/A pai/nai, ou titor/ legal





## INFORME DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

---

Motivo do informe .....

### DATOS PERSOAIS DO ALUMNO

---

NOME E APELIDOS:

DATA DE NACEMENTO:

NIVEL DE ESCOLARIZACIÓN ACTUAL

ETAPA EDUCATIVA:

CURSO:

### DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE

---

### DATOS DO CONTORNO ESCOLAR

---

## RESUMO DA SÚA ESCOLARIZACIÓN:

En canto á **INFORMACIÓN FACILITADA POLO EQUIPO DOCENTE** do grupo do alumno, é importante resaltar:

*Para calquera aclaración, estamos á súa disposición. Asemade, agradecemos todas aquelas indicacións que desde servizos sanitarios consideren convenientes para favorecer o desenvolvemento integral de ....*

Culleredo, .....

Asdo: .....

Xefa Departameto de Orientación

IES Eduardo Blanco Amor



## INFORME PSICOPEDAGÓXICO

---

### 1. DATOS PERSOAIS.

### 2. DATOS DA DEMANDA E MOTIVO DA AVALIACIÓN.

### 3. DESENVOLVEMENTO XERAL DA ALUMNA OU DO ALUMNO, CONSIDERANDO:

- Datos relevantes dos ámbitos físico, cognitivo, emocional e social.
- Circunstancias persoais, familiares e de saúde de interese.
- Influencia do contorno sociofamiliar no desenvolvemento da alumna ou do alumno.
- Historia escolar.
- Medidas adoptadas.
- Competencia curricular nas distintas áreas ou materias e grao de adquisición das competencias.
- Ritmo e preferencia de aprendizaxe.
- Potencialidades, motivación, intereses e actividades preferidas.
- Aspectos de creatividade e iniciativa persoal.
- Adaptación socioafectiva, autoconcepto e autoestima.



- Actitude ante o traballo escolar e expectativas académicas e persoais.
4. ASPECTOS RELEVANTES DOS PROCESOS DE ENSINO E APRENDIZAXE, TENDO EN CONTA:
- Actuacións que favorecen ou dificultan o rendemento da alumna ou do alumno.
  - Características do seu grupo-clase.
  - Programas do centro docente nos que participa.
  - Organización de espazos e tempos no centro docente e na aula.
  - Medidas de tipo educativo que se están a desenvolver.
  - Interaccións da alumna ou do alumno en situacións educativas formais e non formais.
  - As persoas profesionais implicadas na intervención educativa, recursos e coordinación.
5. IDENTIFICACIÓN, NO SEU CASO, DA NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO DA ALUMNA OU DO ALUMNO.

6. PROPOSTA DE RECURSOS E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.



7. ORIENTACIÓNS PARA A INTERVENCIÓN EDUCATIVA.

8. PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO E/OU REVISIÓN DO INFORME.

Culleredo .....  
Asdo: Xefa Departamento de Orientación



## ASUNTO: AUTORIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN CON SERVICIOS EXTERNOS

Alumno/a:

Data de nacemento:

Nivel:

Don/Dona \_\_\_\_\_,

con DNI \_\_\_\_\_ nai/pai/titor legal do alumno/a, autorizo o Departamento de Orientación do IES Eduardo Blanco Amor (Culleredo) a intercambiar información relativa ao desenvolvemento do alumno/a con (nome da entidade ou asociación) \_\_\_\_\_ coa finalidade de adoptar as medidas educativas máis axeitadas para acadar un adecuado desenvolvemento académico, persoal e social do alumno/a.

O contido desta autorización respectará en todo momento a intimidade do alumno/a e da súa familia, garantirá a confidencialidade dos datos intercambiados e finalizará no presente curso académico. Así mesmo, esta autorización poderá ser revogada pola familia en calquera momento que estime oportuno mediante comunicación escrita ao centro educativo.

Culleredo, \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_



## RECEPCIÓN DE INFORME

### DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

---

D./Dna. ...., con DNI ....., pai/nai/titor legal do/a  
alumno/a ....., do curso .....

#### FAI CONSTAR

Que lle foi entregado un informe/copia de informe coa información escolar solicitada,  
elaborado pola Departamento de Orientación, con data .....

Asdo. ....



## ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME ESCOLAR

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_,  
nai/pai/titor legal do alumno/a \_\_\_\_\_,  
escolarizado en \_\_\_\_\_ ESO no IES Eduardo Blanco Amor (Culleredo),

SOLICITA

A elaboración dun informe escolar do alumno/a polo Departamento de Orientación do  
centro coa finalidade de

Culleredo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_

Asdo pai/nai/titor-a legal





## SOLICITUDE DE INFORMACIÓN DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

<b>ALUMNO/A</b>	
MATERIA	
DOCENTE	
COMPORTAMENTO	
RENDEMENTO	
RESULTADOS ACADÉMICOS	
ACTITUDE/RELACIÓN CO PROFESORADO	
ACTITUDE/RELACIÓN CON COMPAÑEIR@S	
MEDIDAS ADOPTADAS (RE, ...)	

*A fin de realizar un informe sobre o/a alumno/a, necesitamos recabar a información indicada por parte do equipo docente.*



Á atención do xefe/a do **Departamento de Orientación** do .....

Con motivo da escolarización do alumno \_\_\_\_\_ no IES  
\_\_\_\_\_ e trala solicitude do centro, remítese copia do expediente de  
orientación custodiado no Departamento de Orientación do IES Eduardo Blanco Amor (Culleredo)  
formado pola documentación que a continuación se relaciona:

- 1.
- 2.

Estamos á sua disposición para calquera información ou aclaración.

Culleredo, \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

Xefa Departamento de Orientación

IES Eduardo Blanco Amor

## SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN AO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO

Provincia 

## DATOS DA XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN QUE SOLICITA A INTERVENCIÓN

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

Correo electrónico

Teléfono de contacto

## DATOS DO CENTRO

Centro educativo

Código de centro

Concello

Localidade

**SOLICITA** a intervención da persoa especialista en:

- |   |   |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> Audición e linguaxe                    | <input type="checkbox"/> Trastornos de conduta                |
| <input type="checkbox"/> Discapacidade motora                   | <input type="checkbox"/> Traballo social                      |
| <input type="checkbox"/> Discapacidade sensorial                | <input type="checkbox"/> Orientación vocacional e profesional |
| <input type="checkbox"/> Altas capacidades intelectuais         | <input type="checkbox"/> Sen especificar                      |
| <input type="checkbox"/> Trastorno do Espectro do Autismo -TEA- |   |

**TIPO** de solicitude

- Global (a nivel de centro e/ou de aula). (Achegarase un informe razoado da solicitude)
- Individual (achegarase o informe psicopedagóxico actualizado)

**MOTIVO** da solicitude

- Colaboración nas diferentes actuacións encamiñadas á prevención e atención temperá que lle faciliten ao alumnado o seu desenvolvemento evolutivo

- Asesoramento e apoio ao departamento de orientación
- Información sobre recursos persoais e/ou materiais para responder ás necesidades específicas de apoio educativo
- Colaboración na avaliación psicopedagóxica por estimar necesaria a intervención do EOE
- Contribuír á formación especializada do profesorado no ámbito das necesidades específicas de apoio educativo
- Colaboración con outros servizos ou institucións que desenvolvan actividades no campo educativo, laboral, social, da saúde e naqueloutros ámbitos da súa competencia
- Colaborar no deseño, desenvolvemento e avaliación de actividades ou en programas formativos de orientación educativa e sociofamiliar, así como asesorar e colaborar coas familias sobre o tipo de intervención que deben seguir cos seus fillos e coas súas fillas.
- Outras

**ESPECIFICAR E CONCRETAR BREVEMENTE A DEMANDA****NO CASO DE SOLICITUDE INDIVIDUAL (datos de identificación do/a alumno/a)**

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
Data de nacemento	Etapas educativas	Ciclo	Nivel
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**A familia está informada?**

- Si                       Non

**ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO DESDE O CENTRO EDUCATIVO CO:**

<b>ALUMNO/A<sup>1</sup></b>		
<input type="checkbox"/> <b>Medidas ordinarias</b> (indica cales)	<input type="checkbox"/> <b>Medidas extraordinarias</b> (indica cales)	
<b>PROFESORADO</b>	<b>FAMILIA</b>	<b>CONVIVENCIA</b>
<input type="checkbox"/> Asesoramento <input type="checkbox"/> Pautas de actuación <input type="checkbox"/> Formación	<input type="checkbox"/> Asesoramento <input type="checkbox"/> Pautas de actuación <input type="checkbox"/> Formación	<input type="checkbox"/> Medidas a nivel de aula <input type="checkbox"/> Medidas a nivel de centro <input type="checkbox"/> Medidas a nivel de alumno/a

**OUTRAS ACTUACIÓNS PREVIAS REALIZADAS NO CENTRO EDUCATIVO** (indica cales, se procede)

**INTERVENCIÓNS DE SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO**

SERGAS
  Atención temperá
  Saúde mental

<sup>1</sup>As **medidas ordinarias** e **extraordinarias** son as recollidas na Orde do 8 de setembro de 2021.

Asociacións (indicar cal/es, se procede)

Entidades privadas (indicar cal/es, se procede)

UACO (Unidade de Acompañamento e Orientación persoal e familiar)

Servizos Sociais

Outras (especificar)

**SÍNTESE DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA** (concretando necesidades específicas de apoio educativo asociadas ou non a un diagnóstico) **E INFORMACIÓN RELEVANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

**Xefatura do  
Departamento de orientación**

Asdo.

**Director/a do centro  
Visto e prace**

Asdo.



## INFORME TRIMESTRAL DO PROFESORADO DE PT

### SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN TRIMESTRAL DAS MAD

#### DATOS DO ALUMNO/A:

Nome e apelidos: .....

Idade: ..... Data de nacemento:.....Curso:.....

Titor/a:.....

Mestre/a de PT:.....

Recibe apoio de:

⇒ PT. Desde (data) .....

⇒ Outro, cal?.....

Está a seguir ACS?..... En que materias?.....

## INTERVENCIÓN DE PT

**NECESIDADES EDUCATIVAS DO ALUMNO/A:**

**TEMPORALIZACIÓN, CARACTERÍSTICAS E METODOLOXÍA DAS INTERVENCIÓNS:** (Indicar o nº de sesións semanais, duración de cada sesión, se se produciu na aula ordinaria ou fóra dela -ACS-, individualmente, en pequeno ou gran grupo)

**MATERIAS NAS QUE RECIBE APOIO:**

**MAD APLICADAS:** (Ordinarias e/ou extraordinarias)

**TIPO DE TAREFAS REALIZADAS:**

**ACTITUDE DO ALUMNO/A:**

**MATERIAIS USADOS:**

<b>VALORACIÓN DO PROGRESO:</b> (Marcar cun X segundo proceda nos recadros da avaliación correspondente)	1ºAv	2ºAv
O/A alumno/a esforzouse en aproveitar os apoios		
Os resultados acadados foron positivos		
Acadáronse todos os obxectivos previstos		
Acadáronse algúns obxectivos pero aínda persisten dificultades		
Os apoios proporcionados foron suficientes		
Os apoios proporcionados foron axeitados		
A coordinación co profesor/a de área foi axeitada		

**PROPOSTA DE MELLORA E DE INTERVENCIÓN PARA O VINDEIRO TRIMESTRE:**

**OBSERVACIÓNS:**

Culleredo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo: Mestre/a especialista en PT





## Programa Intervención Individualizado alumnado nee/nea

\* ( **AA**= Aula de apoio / **AO**= Aula ordinaria      **AC**= Atención compartida / **AI**= Atención individualizada / **AG**= Atención grupal )

